

**Acta núm. 9/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 04 de xullo de 2023.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
José Antonio Vidal González.

Non asisten:
Pablo Lago Sanmartín
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 4 de xullo de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o segundo tenente de alcalde Carlos Noya Pereira, en substitución da alcaldía, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E ACEPTACIÓN DE COMPETENCIAS DELEGADAS POLA ALCALDÍA E POLO PLENO.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (ACTIVIDADES).
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 8º) PREZO PÚBLICO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE CAMPAMENTO DE VERÁN INFANTIL E XUVENIL.
- 9º) CORRECCIÓN DE ERRO EN LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 10º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 11º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.
- 12º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E ACEPTACIÓN DE COMPETENCIAS DELEGADAS POLA ALCALDÍA E POLO PLENO.

1. Dada conta da resolución da alcaldía do 26.06.2023, que transcrita di:

“ Visto que o 17 de xuño de 2023 se constituíu a corporación municipal do Concello de Brión.

Considerando que, de conformidade co disposto nos artigos 20.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LBRL) e 59.2.b. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, neste Concello debe existir por imperativo legal unha Xunta de Goberno Local por ter unha poboación de dereito superior a cinco mil habitantes.

Considerando o establecido no art. 23 da LBRL e nos artigos 43, 46, e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

1º) Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

- SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
- CARLOS NOYA PEREIRA.
- JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
- MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

2º) Nomear tenentes de alcalde do Concello a:

- Primeiro: SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
- Segundo: CARLOS NOYA PEREIRA.
- Terceiro: JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
- Cuarto: MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

Os tenentes de alcalde, pola orde do seu nomeamento, substituirán ao alcalde na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas funcións, de conformidade co previsto nos artigos 46, 47 e 48 do ROF.

3º) A Xunta de Goberno Local constituirase nos dez días seguintes á data desta resolución e celebrará as súas sesións ordinarias todos os martes, a contar desde a data da súa constitución, ás 14:00 horas, agás que por causas xustificadas se adiantase ou atrasase a hora pola alcaldía. No caso de coincidir en festivo trasladarase ao día inmediato hábil posterior.

4º) Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da alcaldía:

- O outorgamento das licenzas e comunicacións previas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- A aprobación das liquidacións tributarias devengadas pola tramitación de licenzas e comunicacións previas.

Darase conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na súa sesión constitutiva para os efectos da aceptación das competencias delegadas.

5º) Notificar esta resolución aos concelleiros designados, publicala no BOP da Coruña e dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.””

2. E dada conta igualmente do acordo do Pleno do 29.06.2023, que transcrito di:

”” De conformidade co sinalado no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma administración, aínda que non sexan xerarquicamente dependentes.

Visto o art. 64.5 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como o art. 22.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, relativo á delegación de atribucións do Pleno na alcaldía e na Xunta de Goberno Local, esta alcaldía en aras do interese público, co fin de axilizar na medida do posible as xestións dos asuntos municipais, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno:

- 1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
- 2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado 1 da Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que celebre o Concello, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao alcalde, conforme ao apartado 1 da Disposición Adicional 2ª.

4. As competencias para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio cando non estean atribuídas ao alcalde conforme ao disposto no apartado 9 da Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

5. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

6. O establecemento e modificación dos prezos públicos. (art. 47 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

Consonte ao disposto polo art. 123.1 do ROF, as comisións informativas ditaminarán previamente os asuntos que se sometan á decisión da Xunta de Goberno Local en exercicio das competencias delegadas polo Pleno, agás que se trate de asuntos declarados urxentes.

2º) A delegación comprende tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Exclúense da presente delegación as competencias relacionadas no artigo 47.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Os actos ditados pola Xunta de Goberno Local no exercicio das competencias delegadas polo Pleno enténdense ditados polo órgano delegante, ao que lle corresponderá, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.

3º) Este acordo producirá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no BOP da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello, de conformidade co previsto no art. 51 ROF e artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4º) Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local para os efectos da aceptación das competencias delegadas.””

Téndose por constituída a Xunta de Goberno Local do Concello, acorda por unanimidade aceptar as competencias delegadas pola alcaldía e polo Pleno.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL PADÍN CARNOTA, na que comunica que vai colocar unha lona para cubrir o emparrado existente, lavar e encintar os muros perimetrais, en Cornanda 9.

A parcela (referencia catastral 7335401NH1473N0001HA) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) e sitúase nunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave CE2.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 06.06.2023 (expediente 695/23) e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A lona deberá ser mate e nunha cor da gama dos cremas ou similar.
- Os morteiros dos encintados deberán incorporar pigmentos que permitan a súa integración na gama cromática do muro no que se aplican.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,20 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 88,77 euros

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE ANTONIO CAAMAÑO FREIRE, na que comunica que vai substituír catro fiestras de aluminio, por unhas novas de cor verde, na Urb. Río Pego 8, 1º, esquerda, Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia, de data 18.11.2021 (expediente DH.W15.80920), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 99,47 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 164,04 euros

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DANIEL MONTERO VIEITES, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Bemil 3, Bastavales:

- Substituír a tella existente da cuberta da vivenda por outra nova.
- Repicado, limpeza e enfuscado das fachadas da vivenda a base de morteiros de cal en cor branca.
- Conexión de pluviais á arqueta existente no camiño, situada na cuneta e pegada ao muro de peche da parcela.

A edificación (referencia catastral 7112901NH2471S0001DB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1) e sitúase dentro da zona de afección do Cruceiro de Bemil, integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado coa clave XBC-2, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 244,40 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 308,97 euros

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ÉDER GONZÁLEZ OZORES, na que comunica que vai realizar obras de substitución da cuberta actual da nave sur, resolta a 2 augas e apoiada sobre unha estrutura de cerchas de formigón prefabricado, por outra nova con paneis tipo sándwich de aceiro de 3 cm. de espesor e apoiados sobre a estrutura existente, de 1.468,80 m² de superficie, en Coruxido 51, Bastavales, segundo proxecto técnico de obras de conservación de cuberta en planta industrial redactado polo arquitecto Éder González Ozores, asinado o 23.05.2023.

A edificación (referencia catastral 000300100NH23H0001WK) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 07.06.2023 (expediente: 2023/1625238) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 893,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 958,17 euros

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO JAVIER POSE CASAL, na que comunica que vai realizar obras de construción dun muro de peche con pedra de 15 cm. de espesor, de 1,80 metros de alto e 7 metros de lonxitude, na traseira da parcela da Rúa Santiago 18 B, Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6747208NH2464N0002EF) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 (UC2), e está afectado pola proximidade á Fonte de Santo Antonio, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave AI2, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 128,57 euros

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUCÍA MOURIÑO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras no local destinado a bar O Repouso, situado na Avd. dos Ánxeles 28, Os Ánxeles:

.- Cambiar as baldosas do chan, colocando pavimento cerámico.

.- Pintar o interior do local.

O local (referencia catastral 6546301NH2464N0001ID) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 124,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 188,97 euros

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Leticia Seoane Gendra, que di actuar en nome de DANILO GABRIEL ROSTAGNOL, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Forxán 4, Viceso, segundo documento técnico asinado pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís o 26.01.2023:

.- Na cuberta da vivenda colocárase tella cerámica curva de cor vermella sobre a cubrición existente de fibrocemento, sen afectar á estrutura da cuberta nin incrementar o seu volume.

.- No alpendre anexo realizaranse as seguintes actuacións:

- Reposición da estrutura da cuberta de madeira, así como o entramado horizontal (forxado do altillo do mesmo de 35 m2), que se emprega para gardar apeiros agrícolas e colocando por encima tella cerámica curva de cor vermella.
- Demolición da fachada da plana alta ou altillo do alpendre, executado en fábrica de ladrillo, para colocar táboa de madeira para conformar o peche a restaurar.

.- Colocación de canalóns e baixantes en cor mate de aluminio e sección semicircular tanto na vivenda como no alpendre.

A edificación (referencia catastral 0373803NH2407S0001BW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado da zona oeste (NRO-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº 9, e sitúase na aldea de Forxán, integrada no catálogo de bens de interese cultural identificada coa clave VE-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 18.04.2023 (expediente 239/23) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 310,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 374,57 euros

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GLORIA PAIS CASALDOEIRO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Espiñeiros 8, Luaña:

.- Substitución da tella cerámica por outra das mesmas características.

.- Revestir con morteiro a fachada norte da vivenda e posteriormente pintala.

.- Reparación da fachada principal con maia e resina e posteriormente pintala.

A edificación (referencia catastral 9557702NH1495N0001SU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO1) e sitúase próxima a un elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural, identificado coa clave LE-7 (Casa vivenda en Espiñeiros) e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a fachada deberá de ir pintada en cor branca ou nun tono da gama dos brancos.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 104,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 168,57 euros

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Javier Álvarez Pereiro, que di actuar en representación de ECOWARM DE GALICIA SL, na que comunica que van construír unha soleira de 1.150 m2 en formigón pulido, na zona de básculas e de aparcamento da instalación, en Coruxido 51, Bastavales.

A edificación (referencia catastral 000300100NH23H0001WK) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 07.06.2023 (expediente: 2023/1420457) e dos informes do arquitecto municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 379,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 444,07 euros

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESÚS MANUEL PUMAR VALLADARES, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Gronzo 47, Brión:

.- Pavimentación de formigón no interior da parcela.

.- Colocación de portalón.

.- Colocación dun peche de 1,20 metros na parte cega e altura total de 1,80 metros.

.- Construción dunha cuberta de 6x5,50 metros (33 m2), sobre estrutura metálica e panel sandwich como material de cubrición.

A parcela (referencia catastral 4956706NH2445N0001GX) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche en contacto coa vía pública situarase mínimo a 4,00 metros do eixe do vial e a parte cega estará convenientemente revestido e pintado.

.- A cuberta terá tella cerámica como material de cubrición, situarase mínimo a 5,00 metros do eixe do vial e a 3,00 metros dos lindeiros e terá unha altura máxima de cornisa de 2,50 metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 108,80 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 173,37 euros

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL LAGO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai pavimentar con formigón 30 m² aproximadamente, nunha parcela situada en en Saíme, Bastavales, sen afectar á vía pública.

A parcela (referencia catastral 4928703NH2442N0001IJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e situase dentro da aldea de Saíme, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como XBE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 94,57 euros

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO VÁZQUEZ MARTÍNEZ, na que comunica que vai realizar obras de substitución da cobertura de tella existente, canalóns e baixantes e limpeza, selado de gretas e posterior pintado das fachadas da vivenda da Urbanización Monte Devesa 17, Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6246119NH2464N0001DD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 204,00 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 268,57 euros

ll) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MÓNICA MARTÍNEZ LÓPEZ, na que comunica que vai realizar obras de limpeza, selado de gretas e posterior pintado das fachadas da vivenda de Soigrex 26, Bastavales, en cor branco.

A parcela (referencia catastral 7412602NH2471S0001OB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 44,00 euros.
Total: 44,00 euros

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por WILHELMINE IGLESIAS COSTABELLE, na que comunica que vai realizar obras de limpeza e posterior pintado das fachadas da vivenda de Agro Novo 122, Os Ánxeles, e limpeza da cuberta do porche anexo á vivenda.

A parcela (referencia catastral 6446902NH2464N0014TM) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 31,00 euros.
Total: 31,00 euros

n) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARTÍN PÉREZ RENDO, na que comunica que vai realizar obras de limpeza e posterior pintado da fachada principal da vivenda do Paseo de Pedrouzos 48, Brión.

A parcela (referencia catastral 6357807NH2465N0009MG) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,00 euros.
Total: 25,00 euros

ñ) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO MONTE BALADO, BLOQUE 1 E 2, na que comunica que vai realizar obras de substitución dos canalóns e baixantes de pluviais da cuberta e limpeza, selado de gretas e posterior pintado das fachadas, do edificio da Urbanización Monte Balado nº2, 4, 6 e 8, Os Ánxeles.

A parcela emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.477,08 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1.541,65 euros

TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓ.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por VICENTE GARCÍA CAJUSO, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Mourentáns 57, Viceso.

Con data 02.11.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle a Vicente García Cajuso e María Fernández Trigo, licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Mourentáns 57, Viceso, segundo o proxecto de execución asinado pola sociedade SALGADO E LIÑARES arquitectos S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 30.09.2021 e documentación complementaria visada o 22.10.2021 (expte. nº 2105780).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco X. Liñares Túñez (SALGADO E LIÑARES S.L.P.) con data 29.11.2022, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.12.2022, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Autorizar ao interesado o mantemento en precario do fronte da parcela, con destino a viario público, co compromiso de proceder ao remate das obras de urbanización, recheo, nivelación coa estrada e pavimentación, no prazo dun ano a contar desde o recibo da notificación deste acordo, con ocasión da execución do muro de peche do fronte da parcela, deixando en garantía o aval xa depositado de 900 €.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de RAMÓN MOURIÑO FRESCO e SONIA RODRÍGUEZ TUBÍO, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Chave de Ponte 51, Bastavales.

Con data 09.02.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle a Ramón Mouriño Fresco e Sonia Rodríguez Tubio, licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 51, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.03.2020 e documentación complementaria visada o 11.06.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echeverría, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.03.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Autorizar ao interesado o mantemento en precario do fronte da parcela, con destino ao viario público, co compromiso de proceder ao remate das obras de urbanización, recheo, nivelación coa estrada e pavimentación, cando se proceda a execución do muro de peche do fronte da parcela, no prazo máximo de 16 meses, segundo escrito asinado polo interesado o 26.04.2023, e deixando en garantía o aval xa depositado de 900 €.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por PEDRO TABOADA SANTOMIL e SONIA SÁNCHEZ CARDAMA, na que comunican a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Vilas 34, Bastavales.

Con data 29.04.2020 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a Sonia Sánchez Cardama e Pedro Taboada Santomil, para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina, no lugar de Vilas nº 34, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado pola sociedade de arquitectura "Terán y Blanco. Taller de arquitectura S.L.P.", visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.03.2020, e documentación complementaria asinada e visada o 02.04.2020 (expte. nº 2001396).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Iván Gutiérrez de Terán Castañón e José Ramón Blanco Lobeto (Terán e Blanco Taller de Arquitectura SLP) o 20.12.2022, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos da Coruña o 17.03.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.
Total: 96,85 euros.

CUARTO.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por FELIPE FURELOS BEN, na que comunica ao Concello a renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local do 15.10.2020, a ZERO ENERGETIC HOUSING S.L., para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina, no lugar de Adoufe 20, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado polo estudio "Abeijón – Fernández, Sociedad de Arquitectura y Urbanismo S.L.P.", visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.06.2020 (n.r.e.: 2002770), e con cambio de titularidade autorizado pola Xunta de Goberno Local do 05.07.2022 a favor de Felipe Furelos Ben.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal no que sinala que as obras non foron executadas, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 15.10.2020.

2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 5.422,28 euros.

3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 96,99 euros.

4º) Notificar o presente acordo ao interesado.

QUINTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (ACTIVIDADES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Juan José Seoane Ferreiro, que di actuar en representación de JUAN ANTONIO GARCÍA MEIJIDE, na que comunica o inicio da actividade de clínica de beleza con tratamentos médicos, na Avd. de Noia 38, local 3, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 03.05.2022, autorizou a Juan Antonio García Meijide as obras para acondicionar un local comercial para actividade de clínica de beleza con tratamentos

médicos, na Avd. de Noia 38, local 3, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro industrial Juan José Seoane Ferreiro, de data 31.03.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra asinado polo enxeñeiro industrial Juan José Seoane Ferreiro o 22.09.2022, da resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade do 13.02.2023 (expediente número 0352/22), da inscrición no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia (rexistro número C-15-004776) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso do local para a actividade de clínica de beleza con tratamentos médicos, na Avd. de Noia 38, local 3, Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas actividade: 184,28 euros.

Total: 184,28 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de MARÍA GRACIELA PÉREZ BARBAZÁN, na que comunica o inicio da actividade de academia de clases particulares (3 aulas), na Avd. de Noia 30, planta baixa, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 06.06.2023, autorizou a María Graciela Pérez Barbazán as obras de reforma do local da Avd. de Noia 30, planta baixa, Os Ánxeles, para adaptalo a academia de clases particulares (3 aulas), segundo memoria redactada polo enxeñeiro técnico industrial Roberto Ozores Nine, asinda o 17.04.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra asinado polo enxeñeiro industrial Roberto Ozores Nine o 27.06.2023, da declaración responsable da titular da actividade en aplicación do disposto no artigo 11, apartado 3) do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso do local para a actividade de academia de clases particulares (3 aulas), na Avd. de Noia 30, planta baixa, Os Ánxeles., deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas actividade: 184,28 euros.

Total: 184,28 euros.

SEXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Germán Barja Seijas, que di actuar en representación de SOFÍA LÓPEZ YÁÑEZ, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Outeiro 46, Os Ánxeles, segundo o proxecto de execución asinado polo arquitecto Germán Barja Seijas, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.05.2023.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8042709NH2484S0000KT) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Germán Barja Seijas, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.05.2023.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (superficie de cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 25.06.2019 no acordo de concesión da licenza de segregación), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que a interesada presentará no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.573,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 138,71 euros.

Total: 2.712,41 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ignacio Piñeiro de la Torre, que di actuar en representación de ALICIA CASTRO REY, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Babenzo 61, Bastavales, segundo o proxecto de execución asinado polo arquitecto Ignacio Piñeiro de la Torre, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.05.2023.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8223324NH2482S0001EK) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Ignacio Piñeiro de la Torre, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.05.2023.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, (29,73 m2 superficie de cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 25.09.2018 no acordo de concesión da licenza de segregación), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeadado público, deberá aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 735,65 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
- Total: 831,68 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de ANA MARÍA GONZÁLEZ MANZANERO e JOSÉ SALVADOR MONSERRAT BARCO, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Gándara 24, San Salvador, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.06.2022 e documentación complementaria visada o 23.11.2022 e o 15.05.2023.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8133807NH2483S0001DS) emprázase sobre un ámbito de solo que ten dúas clasificacións:

.- Parte en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL1): 521 m².

.- Parte en solo rústico, séndolle de aplicación o disposto na Disposición Transitoria 1^a, da Lei 2/2016, do solo de Galicia: 1.627 m².

A parcela atópase dentro dos 100 metros de policía de leitos do rego de Cirro.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 15.03.2023 (clave DH.W15.88340) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.06.2022 e documentación complementaria visada o 23.11.2022 e o 15.05.2023.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (15 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeadado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 15 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 13 de xuño de 2023.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.000,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 97,13 euros.

Total: 3.097,13 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Vicente Rivas Negreira, que di actuar en representación de VANESA LADO PAZOS, solicitando licenza para obras de conservación da vivenda unifamiliar situada en San Salvador 10, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.05.2023.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 7525409NH2472N0001FY) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2), e está situada na aldea de San Salvador e no ámbito de protección da Igrexa de San Salvador de Bastavales e da Cruz de San Salvador, incluídas no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, coas claves identificativas SBE1, SBC2 e SBR1, respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 24.01.2023 (expediente 2750/22) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.05.2023.

-. Non existe obriga de cesión de terreos prevista no art. 20 a) da Lei 2/2016, do solo de Galicia, xa que se trata de obras de conservación e mantemento.

-. A obtención da licenza para as obras de rehabilitación da vivenda unifamiliar non implica licenza para os peche, para os que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- A propietaria, segundo o artigo 90.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, deberá renunciar ao incremento do valor expropiatorio, sen que tal renuncia afecte ás obras que sexa obrigatorio realizar para manter o inmovble en adecuadas condicións de conservación, de acordo co correspondente informe de avaliación do edificio, cando este sexa obrigatorio, segundo a normativa vixente.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 585,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 681,03 euros.

SÉTIMO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por BENIGNA RAMONA CAAMAÑO VILAS e JOSÉ ANTONIO TOBÍO CAAMAÑO, na que solicitan licenza de segregación dunha finca en Soigrex, Bastavales, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 23.11.2022, visado número 20221137.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 7517408NH2471N e 15013B503006480000MW

Superficie (segundo medición recente): 3.844 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo o PXOM:

.- 1.962 m² situados en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

.- 1.882 m² situados en solo rústico, segundo a Disposición Transitoria 1ª, 2 d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: Leonor Caamaño Fieiro 647.

Sur: Antonio Dopazo Penín e outros propietarios 649, 650 e 651.

Leste: Andrés Estévez Rey e outro 654 e José María Estévez Palomo 655.

Oeste: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

Segregación pretendida:

Parcela número 08:

Superficie bruta: 980 m².

Superficie de cesión: 59 m² (a 5,50 m. do eixe do vial)
Superficie neta: 921 m²
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).
Lindes:
Norte: Leonor Caamaño Fieiro 647.
Sur: parcela número 08-1 procedente desta segregación.
Leste: parcela nº 648 procedente desta segregación.
Oeste: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

Parcela número 08-1:

Superficie bruta: 982 m².
Superficie de cesión: 61 m² (a 5,50 m. do eixe do vial)
Superficie neta: 921 m²
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).
Lindes:
Norte: parcela número 08 procedente desta segregación.
Sur: fincas 649 e 650.
Leste: parcela 648 procedente desta segregación.
Oeste: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

Parcela resto finca matriz número 648:

Superficie neta: 1.882 m².
Clasificación urbanística: solo rústico, segundo a Disposición Transitoria 1ª, 2 d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
Lindes:
Norte: Leonor Caamaño Fieiro 647.
Sur: fincas 650 e 651.
Leste: Andrés Estévez Rey e outro 654 e José María Estévez Palomo 655.
Oeste: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 120 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

OITAVO.- PREZO PÚBLICO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE CAMPAMENTO DE VERÁN INFANTIL E XUVENIL.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 27.06.2023 de prezo público para a asistencia á actividade de campamento de verán infantil e xuvenil.

Visto o informe técnico do 27.06.2023 e o informe de intervención do 27.06.2023.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade de campamento de verán infantil e xuvenil, de acordo coas seguintes tarifas:

- .- Prezo público por participante por campamento.....150,00 €
- .- Prezo público por segundo irmán por campamento.....75,00 €
- .- Prezo público por terceiro irmán e seguintes por campamento.....0,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

NOVENO.- CORRECCIÓN DE ERRO EN LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Detectouse un erro na concesión da licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Buio 19, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.06.2021 e documentación complementaria visada o 20.07.2021 (expediente 2103510), outorgada a AMARA GONZÁLEZ NOYA e DANIEL NEO QUINTÁNS pola Xunta de Goberno Local o 03/08/2021.

A vista do informe favorable emitido polo departamento de estatística de data 15/06/2023, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos: Onde di Buio 19, Os Ánxeles, debe dicir: Piñeiro 43, Os Ánxeles.

DÉCIMO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 5,75 kw á vivenda de Reboredo Pequeno 8, San Salvador (referencia catastral 6226315NH2462N0001UW). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá de 26 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, o 13/06/2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia o 16.06.2023 e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 480,44 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 20220000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 96,09 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 160,66 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Daniel Vidal González, que di actuar en representación de SAN RIAN SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 27 kw a unha explotación gandeira en Mourentáns, Viceso (referencias catastrais 15013A010001370000UH e 15013A010001440000UY), segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica industrial Eva Pérez Boullón, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 21.06.2023, visado número 1109/23-ST.

O Sr. Concelleiro Vidal González abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña do 16.11.2022 (expediente 2022000040065) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 600 €.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 248,46 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 313,03 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL GARRIDO VILAS, na que comunica que vai realizar obras de canalización soterrada de 225 metros de lonxitude pola vía pública, para canalizar oito tuberías de polietileno de 32 mm. de diámetro de auga dunha mina privada, para dar servizo a oito vivendas en Bastavaliños, Bastavales.

O ámbito polo que discorre a instalación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, parte en zona non consolidada pola edificación e parte en zona consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1 e NRL-2). A parte que discorre pola zona consolidada pola edificación (NRL-1) está incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave XBE-1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 205,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 270,17 euros

UNDÉCIMO.- BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por N.G.T., con rexistro de entrada no Concello núm. 20230000001329, do 11.05.2023, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación do seu fillo S.D.V.G. na actividade de: Conciliaverán 2023, quendas 1, 3 e 4.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 12/06/2023, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a N.G.T. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 105 € correspondente á participación de S.D.V.G., na actividade de: Conciliaverán, quendas 1, 3 e 4, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por N.G.T., con rexistro de entrada no Concello núm. 20230000001327, do 11.05.2023, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación da súa filla A.M.R.G. na actividade de: Conciliaverán 2023, quendas 1, 2,3,4 e 5.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 12/06/2023, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a N.G.T. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 105 € correspondente á participación de A.M.R.G., na actividade de: Conciliaverán, quendas 1, 2,3,4 e 5, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

DUODÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor tenente de alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,37 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González